



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

20 MAY. 2024 14:33:42

Entrada **26147**

Pregunta sobre a falta de persoal nas oficinas da DXT na Galiza e aos problemas para obter citas

Competencia
Subcompetencia
Tipo Expediente

Competencias de la Cámara
Control e información
184-Pregunta al Gobierno con
respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á falta de persoal nas oficinas da DXT na Galiza e aos problemas para obter citas para a realización de trámites habituais.**

Na Galiza hai seis oficinas da DXT en que a falta de persoal resulta xa crítica, con case o 40% do seu persoal vacante, ou o que é o mesmo, están cubertos só 39 dos 104 postos. Resulta evidente que, nesas condicións, non é posíbel atender adecuadamente a elevada carga de traballo existente e non se pode prestar un servizo de calidade.

O repaso á situación de cada oficina deixa unha situación preocupante. Así, na delegación da DXT de Lugo o 66% dos postos de traballo están sen ocupar, contando tan só con catro persoas para a atención ao público cando debería haber doce. Na de Vigo hai dez postos sen cubrir dun total de vinte e un, o que deixa unha porcentaxe dun 48% de vacantes. En Santiago hai tres postos do total de oito, o que supón un 38% de vacantes; en Ourense tres postos sen cubrir de nove, é dicir un 33%; na Coruña, dez postos sen cubrir de trinta e un, o que supón un 32%; e, finalmente, en Pontevedra, hai cinco postos sen cubrir de vinte e seis, isto é, un 22% de vacantes.

Esta ausencia de persoal está a alongar enormemente os trámites ante a DXT e causando atrasos no calendario dos exames do permiso de conducir. Ademais, debe considerarse que no período estival que se aproxima incrementase notablemente o volume de traballo ao producirse moitas máis solicitudes.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

20 MAY. 2024 14:33:42

Entrada **26147**



Segundo un Informe da OCU, a Dirección Xeral de Tráfico é a que sofre un maior tempo de espera de toda a Administración pública, cunha media de 48 días de espera.

Debe tamén terse en consideración que, desde a pandemia, para acudir a unha oficina da DXT para realizar calquera trámite, é obrigatorio pedir cita previa ben a través do teléfono 060 ou na súa páxina web, un proceso que pode ser longo e no que, cando se logra contactar, aparecen os problemas de diferente tipo. Así, segundo o citado estudo da OCU, nunha de cada tres peticións existen problemas pois, ou non quedan horas dispoñíbeis, ou hai que esperar máis de dúas semanas ou ben as citas accesíbeis son noutro lugar lonxe do domicilio.

Aínda que o Ministerio asegurou o ano pasado que poñería en marcha un plan para aumentar o persoal en todas as oficinas non constan avances de verdade neste sentido.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. A que se debe a importante falta de persoal nas oficinas da DXT da Galiza? Como se explica que o 40% do seu persoal estea vacante?
2. Cal é a actual situación do persoal en cada unha das seis oficinas da DXT na Galiza?
3. Que medidas vai adoptar o Ministerio para solucionar esta clamorosa falta de persoal que está a causar graves problemas na tramitación de documentación aos cidadáns e cidadás?
4. É consciente de que a espera media para levar a cabo trámites necesarios ou habituais vai máis aló das dúas semanas?
5. Que opina do Informe da OCU que indica que a DXT é a que sofre un maior tempo de espera de toda a Administración pública, cunha media de 48 días? Non cre que debería mover ao Ministerio para adoptar solucións canto antes?



6. Exponse recuperar a atención presencial sen cita previa obrigatoria?
7. Cando incrementará o Ministerio o persoal das oficinas da DXT en Galiza? Van cubrir todas as prazas vacantes?

Madrid, a 20 de maio de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la falta de personal en las oficinas de la DGT en Galiza y a los problemas para obtener citas para la realización de trámites habituales.**

En Galiza hay seis oficinas de la DGT en que la falta de personal resulta ya crítica, con casi el 40% de su plantilla vacante, o lo que es lo mismo, están cubiertos sólo 39 de los 104 puestos. Resulta evidente que, en esas condiciones, no es posible atender adecuadamente la elevada carga de trabajo existente y no se puede prestar un servicio de calidad.

El repaso a la situación de cada oficina deja una situación preocupante. Así, en la delegación de la DGT de Lugo el 66% de los puestos de trabajo están sin ocupar, contando tan solo con cuatro personas para la atención al público cuando debería haber doce. En la de Vigo hay diez puestos sin cubrir de un total de veintiuno, lo que deja un porcentaje de un 48% de vacantes. En Santiago hay tres puestos del total de ocho, lo que supone un 38% de vacantes; en Ourense tres puestos sin cubrir de nueve, es decir un 33%; en A Coruña, diez puestos sin cubrir de treinta y uno, lo que supone un 32%; y, finalmente, en Pontevedra, hay cinco puestos sin cubrir de veintiséis, esto es, un 22% de vacantes.

Esta ausencia de personal está alargando enormemente los trámites ante la DGT y causando retrasos en el calendario de los exámenes del permiso de conducir. Además, debe considerarse que en el período veraniego que se



aproxima se incrementa notablemente el volumen de trabajo al producirse muchas más solicitudes.

Según un Informe de la OCU, la Dirección General de Tráfico es la que sufre un mayor tiempo de espera de toda la Administración pública, con una media de 48 días de espera.

Debe también tenerse en consideración que, desde la pandemia, para acudir a una oficina de la DGT a realizar cualquier trámite, es obligatorio pedir cita previa bien a través del teléfono 060 o en su página web, un proceso que puede ser largo y en el que, cuando se logra contactar, aparecen los problemas de diferente tipo. Así, según el citado estudio de la OCU, en una de cada tres peticiones existen problemas pues, o no quedan horas disponibles, o hay que esperar más de dos semanas o bien las citas accesibles son en otro lugar lejos del domicilio.

Aunque el Ministerio aseguró el año pasado que pondría en marcha un plan para aumentar el personal en todas las oficinas no constan avances de verdad en este sentido.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿A qué se debe la importante falta de personal en las oficinas de la DGT de Galiza? ¿Cómo se explica que el 40% de su plantilla esté vacante?
2. ¿Cuál es la actual situación del personal en cada una de las seis oficinas de la DGT en Galiza?
3. ¿Qué medidas va a adoptar el Ministerio para solucionar esta clamorosa falta de personal que está causando graves problemas en la tramitación de documentación a los ciudadanos y ciudadanas?
4. ¿Es consciente de que la espera media para llevar a cabo trámites necesarios o habituales va más allá de las dos semanas?
5. ¿Qué opina del Informe de la OCU que indica que la DGT es la que sufre un mayor tiempo de espera de toda la Administración pública, con una media de 48 días? ¿No cree que debería mover al Ministerio a adoptar soluciones cuanto antes?



6. ¿Se plantea recuperar la atención presencial sin cita previa obligatoria?
7. ¿Cuándo incrementará el Ministerio el personal de las oficinas de la DGT en Galiza? ¿Se van a cubrir todas las plazas vacantes?

Madrid, a 20 de mayo de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso